

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

**Lugar:** sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

**Data:** 19 de xullo de 2022

**Hora de comezo:** 10:15 h

**Hora de remate:** 11:56 h

### ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

Juan Jesús Rico Fuentes (alumno)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

### INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Validación, se procede, das memorias de verificación e modificación de programas de doutoramento para implantar no curso 2023/24
4. Validación, se procede, da Memoria de Calidade da Eido 2020/21
5. Aprobación, se procede, da planificación da Estratexia da Eido e a Política e os Obxectivos de Calidade
6. Implantación do SGC: aprobación das conclusións dos grupos de traballo: Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos, Autorización e defensa da tese, Xestión dos programas e Xestión da infraestrutura
7. Rolda aberta de intervencións

### DELIBERACIÓNS

#### **1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Detectáronse erros nos acordos da acta, enviados na acta. Unha vez corrixidos, apróbase por asentimento a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 19 de maio de 2022.

#### **2 Informe da presidencia**

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas para implantar no 2023/24: do curso 2022/23 xa chegou o informe final de modificación de DOCTIC. O PD en Nanociencia e Biomedicina preséntase no punto 3 para a súa validación.
- Renovación de acreditación: a única novidade é que a visita do PD Análise Económica e Estratexia Empresarial adiouuse para o 16 de setembro. Dos programas que non coordinamos nós, Ciencias do deporte tivo a visita o 2 de xuño.
- Seguimento 2022: os informes foron enviados a tempo. Estase á espera da resposta da ACSUG.
- SGC: situación do sistema: xa están rematados os procesos de Información Pública, o de Xestión Documental, o de Dirección estratéxica, o de Xestión Académica-Admisión e o de Xestión Académica-Atención e Orientación, Aprendizaxe e Avaliación dos Doutorandos, Autorización e Defensa da Tese, Xestión dos Programas e Xestión da Infraestrutura. No punto 6 presentárase a conclusión dos últimos 4 puntos.
- Memoria 2020/2021: trátase no punto 4 e 5 desta Comisión.
- Enquisa do observatorio aos egresados: Temos o primeiro borrador do resultado da enquisa feita polo Observatorio aos titulados ata o curso 2019/20. Canto estea rematada, a traeremos a esta comisión. Con esta enquisa, xa temos todas as enquisas esixidas pola ACSUG.
- Cambio na composición desta comisión: No manual de calidade, aprobáramos que naquelas reunións desta comisión na que fora necesario que participara algún membro da Universidade, poderíamos invitálo para que asistira. Dado que o técnico superior de calidade da Área de Calidade leva asistindo e presentando parte dos contidos en todas as reunións que tivo esta comisión, a dirección da EIDO considera que debería ser un membro nato da Comisión de Calidade. Para elo é necesario modificar o Manual de Calidade da EIDO, que levaremos ao próximo Comité de Dirección para a súa aprobación.
- HR: terminou o Ciclo de relatorios temáticos. Esta en preparación un Internal Review para a renovación do selo HR, incorporando as cuestións máis relevantes sobre doutoramento-R1.

### **3 Validación, se procede, das memorias de verificación e modificación de programas de doutoramento para implantar no curso 2023/24**

O subdirector da EIDO informa que trala renuncia dos outros 3 programas, só sometemos para a súa validación a memoria de verificación do PD en Nanociencia e Biomedicina.

A Comisión de calidade valida a memoria condicionada a realizar os seguintes cambios:

- Cambio de centro de impartición / xestión administrativa
- Aclaración das universidades participantes
- Eliminación dos textos xenéricos
- Aclaración dos requisitos admisión
- Eliminar frase moi xenérica sobre complementos de formación
- Revisar horas das actividades formativas
- Revisar o profesorado, xa que hai moitos que non poden ter sexenio

### **4 Validación, se procede, da Memoria de Calidade da Eido 2020/21**

O subdirector da EIDO presenta para a súa validación a Memoria de Calidade da EIDO correspondente ao curso académico 2020/21.

A Comisión de Calidade valida a Memoria e envíalla ao Comité de Dirección para a súa aprobación.

### **5 Aprobación, se procede, da planificación da Estratexia da Eido e a Política e os Obxectivos de Calidade**

O subdirector da EIDO propón a seguinte planificación:

- Separar a Estratexia da EIDO e a Política e os Obxectivos de Calidade da memoria anual
- Adiar ata setembro a aprobación da Estratexia da EIDO e a Política e os Obxectivos de Calidade nunha Comisión de Calidade extraordinaria.

A Comisión de Calidade aproba por asentimento esta planificación.

### **6 Implantación do SGC: aprobación das conclusións dos grupos de traballo**

Conclusións do grupo de traballo Aprendizaxe a Avaliación dos Doutorandos:

- Compromiso de supervisión:
  - En canto sexa posible (cambio a SIGMA) habilitar a firma tanto do titor como dos directores (non só do perfil autorizado)
  - Establecemento de cláusulas especiais no compromiso de supervisión
  - En caso de conflito entre os doutorandos e os directores, a CAPD non pode deixar en ningún momento ao estudante sen director
- Asignación de directores: cambiar de orde o TC-32, incluíndo unha explicación xa que só teñen que incluír méritos os que non están rexistrados, e que non é necesario cubrir todos os méritos.
  - Actividades formativas:
  - Que a avaliación das actividades non sexa rutinaria.
  - Obrigación de ofertar prazas noutros programas. Pode facerse só nos do ámbito
  - Advertir ao alumnado de que as actividades propias realizadas xa se suben automaticamente ao documento de actividades, previa conformidade do propio alumno
  - As non aptas deben estar xustificadas nun acta para que os estudantes poidan reclamar
  - Incrementar os cursos transversais, buscando "enganchar" ao alumnado que desenvolve a súa tese fora da Uvigo.

- Documento de actividades:
  - Arranxar o fallo en Xescampus coa data do perfil autorizado
  - Ver que actividades non precisan un xustificante para facilitar o traballo as Áreas Académicas
- Recoñecemento de actividades: só de actividades realizadas durante a matrícula nun PD
- Avaliación anual:
  - A avaliación ten que estar motivada. Non se pode avaliar positivamente a un estudante e despois dicir que non fixo nada.
  - Antes da avaliación anual, hai que aprobar as actividades dese ano
  - Antes do depósito da tese, hai que facer unha última avaliación anual, e antes de iso, hai que validar as actividades pendentes e cambiar o idioma ou de título da tese (título do plan de investigación)
  - Formación para directores/titores para garantir unha avaliación real
- Elaboración da tese:
  - A comprobación da documentación da tese e proposta de tribunal faise na Área de Apoio á Eido
  - Elaboración dun manual da fase final de presentación da tese
- Prórrogas: mellorar a xestión das prórrogas por parte dos estudantes

#### Conclusións do grupo de traballo en Autorización e Defensa da Tese:

- Incluír na Web un resume do procedemento paso a paso
- Cambiar de orde o TC-32, incluíndo unha explicación. Para aqueles membros dos tribunais que xa están rexistrados só é necesario que firmen que aceptar estar no tribunal.
- No apartado da Web das teses en depósito, poñer un botón para solicitar revisar a tese enviando un correo electrónico.
- Falar cos administradores dos centros para que asuman estes o gasto das augas para o tribunal.
- Para reserva de espazos, cambiar onde pon Administrador a Administrador/EIDO.
- En canto sexa posible pasar tanto a firma da acta como o voto cum laude a un procedemento electrónico seguro, incluso en teses presenciais. Para poder pasar a un sistema electrónico, este debe funcionar tamén cos estranxeiros.
- Defensa das teses on-line:
  - Cambiar o papel da administradora pola dirección da EIDO
  - Modificar o texto da excepcionalidade da participación virtual dun membro do tribunal
  - Definir o procedemento de voto cum laude e de sinatura das actas

#### Conclusións do grupo de traballo en Xestión dos Programas:

- Falta a formalización da designación do coordinador/a polo Reitor. Solicitarse ao Reitor que delegue esta designación na dirección da EIDO. No caso dos programas interuniversitarios o primeiro coordinador/a será nomeado no convenio e os cambios os realizará a universidade coordinadora, avisando as outras universidades, que será efectivo se non se opoñen.
- Na convocatoria das expresión de interese, incluír a solicitude de extinción ou suspensión de programas.
- Actualización do modelo base (e outros documentos) para redactar a memoria de verificación
- No caso de modificación de programas, será obrigatorio a participación dunha representación do estudantado do programa na redacción da memoria. No caso de novos programas, será recomendable a participación de estudantes matriculados en programas de doutoramento afíns.
- Nos programas interuniversitarios coordinados pola UVigo, enviarase información tanto ao coordinador como as universidades participantes en tódalas etapas (redacción de documentos, alegacións...) de todas as fases de vida dos PD (verificación, seguimento, modificación, renovación da acreditación, suspensión e extinción)
- Para os programas non coordinados pola Uvigo, solicitarase aos coordinadores locais que envíen á EIDO e a Sección de doutoramento, toda a información sobre cada etapa dos procesos, a fin de que os servizos, a dirección da EIDO, a Área de calidade e a Comisión de

- Calidade podan enviar tanto información como comentarios, á CAPD interuniversitaria.
- Intentarase que o cálculo dos indicadores (seguimento e acreditación) sexa automático e proveña dos datos do SIIU.
  - Na CAPD de marzo/abril deberán aprobar un informe sobre o grado de execución dos plans de mellora (VSMA). A Eido incorporará estes informes no seu informe anual no que informará sobre o grado de execución dos plans que dependan da EIDO.
  - Informar sobre os cambios legislativos (RD 822/2021 e RD 640/2021) a todas as persoas afectadas.
  - Estar preparados para as:
    - novas modalidades de titulacións conxuntas internacionais (PU Europeas, Erasmus Mundus)
    - novas regras para este tipo de Titulacións (e: axencias EQAR)
    - novo Procedemento Europeo de Calidade
  - Actualizar o Procedementos do SGC afectados: 2023 (tras certificación), incluíndo novos prazos, cambios nas áreas do Servizo de Posgrao, incorporación da EIDO para iniciar procedementos de extinción e competencias específicas da Comisión de Calidade en todos os procesos.

#### Conclusións do grupo de traballo en Xestión da Infraestrutura:

- No compromiso de supervisión (deberá actualizarse), os estudantes quedarán vinculados ao centro e departamento do seu perfil autorizado (titor ou director que firma o documento). En caso de que ese centro ou departamento non sexan os correctos, deberá especificarse no compromiso de supervisión. Tamén especificarase se o estudante incorpórase ao grupo de investigación do perfil autorizado o se incorporase a outro grupo ou laboratorio. Todo isto independentemente de que teña contrato como investigador
- Os estudantes que chegan á Uvigo, tanto dos programas interuniversitarios como os doutros programas, deben rexistrarse como investigadores visitantes, e nese proceso asignáselles un centro e grupo de investigación.
- As CAPD elaborarán, con data límite en marzo, un informe sobre necesidades de recursos. A EIDO recompilará todos os informes das CAPD e as levará á Comisión de Calidade. A EIDO elevará o informe completo ás instancias pertinentes para que se poidan mellorar os recursos ou buscar alternativas.

#### 7. Rolda aberta de intervencións

Non hai.

## ACORDOS

- 1 Apróbase a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 19 de maio de 2022.
- 2 Valídase a memoria de verificación do PD en Nanociencia e Biomedicina
- 3 Valídase a Memoria de Calidade da EIDO correspondente ao curso académico 2020/21 e envíase ao Comité de Dirección para a súa aprobación
- 4 Apróbase a planificación da Estratexia da Eido e a Política e os Obxectivos de Calidade
- 5 Apróbanse as conclusións dos grupo de traballo en Aprendizaxe a Avaliación dos Doutorandos, Autorización e Defensa da Tese, Xestión dos Programas e Xestión da Infraestrutura.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace  
O presidente